

2. O SACAUNTOS

Do Sacaúntos
fala esta canción,
que seica abriu
unha clínica de liposucción.
É moi amable. Leu nun estudo:
os amables hoxe danche moita rendibilidade.

Onde van aqueles tempos,
xa non é coma antes,
que andaba polos camiños
dando sustos constantes.
Hu-hu-hu-hu Ha-ha-ha-ha!

Hoxe é distinto:
anúnciase na tele,
lévaslle o touciño
tan branco coma a neve,
quítache aquí e quítache alá...
Déixache a carteira liposuccionada.

Onde van aqueles tempos,
xa non é coma antes,
que andaba polos camiños
dando sustos constantes.
Hu-hu-hu-hu Ha-ha-ha-ha!

Anda con tino,
-dinme na casa-
el quere que te fagas
doador de graxa.
Mira se tes cartos no peto
que máis barato é
o carneiro ao espeto.

Onde van aqueles tempos,
xa non é coma antes,
que andaba polos camiños
dando sustos constantes.
Hu-hu-hu-hu Ha-ha-ha-ha!

O BOSQUE

Se os carballos desen ouro
e os acivros perfume,
habiamos todos arredar
doado do monte o lume.

Pero carballos e acivros
dan fontes, ar e alimento
e con saber iso xa me chega,
con iso xa vou contento.

Que o monte é de todos,
hai que mirar que non arda,
que os paxaros xa pensan
que o cantar non vale nada.

Lume, fume, arder, correr.
Pobres carballos sen pés!

E o cantar moito vale,
cantamos nós, canta o monte,
cantan sen discos gravados
paxaros, ventos e fontes.

4. A FEIRA

Vendo repolos de corazón de boi,
vendo patacas de Xinzo de Limia,
vendo castañas do Courel
e dende Zobra traio mel.

Vendo chaquetas plastificadas,
vendo calcetíns de ata mil raías,
reloxos espertadores,
alfombras do Kazakhstán.

Estamos na feira,
estamos na feira,
estamos na feira,
que compre quen queira.

Vendo galiñas moi poñedoras
e vendo ranchos para criar,
vendo pedras de afiar,
tamén polbo de porto de mar.

Vendo turrón do duro e do mol,
téñoche unhas potas
con flores pintadas,
vendo pedras de afiar,
tamén polbo de porto de mar.

Estamos na feira,
estamos na feira,
estamos na feira,
que compre quen queira.

Calquera cousa
atópala na feira;
verán, outono, inverno,
vémonos nela.
Florida primavera,
paraugas aberto,
e, cando escampe a nube,
podes bicar o ceo.

Vén Rosalía,
andando vén Pepiño.
Manuel, Raquel, Vicente
xa veñen de camiño.
Chega toda a xente
moi faladeira.
Non é centro comercial,
é día de feira.

Estamos na feira,
estamos na feira,
estamos na feira,
que compre quen queira.

Vendo culleres e cuncas para as sopas,
vendo galletos para remexer o lume,
vendo pedras de afiar,
tamén polbo de porto de mar.

Carne de porco, fresca e salgada,
un cento de discos de música variada,
vendo pedras de afiar,
tamén polbo de porto de mar.

5. CHUNDA-CHUNDA

Chunda, chunda!
Chunda, chunda!
Tirulí, tirulí
Tirulí, tirulí
Tirulí, tirulí
Chuuun, plas!
Chun, chun, chun
Chun, chun, chun
Guau, guau!
Bzzssssss!
Ai!



Tirulí, tirulí
Parabá, papá!
Tirulí, tirulí
Guau, guau!
Tirulí, tirulí
Chuuun, plas!

Tirulí, tirulí
Parabá, papá!
Tirulí, tirulí
Guau, guau!
Tirulí, tirulí
Chuuun, plas!

Chunda, chunda!
Chunda, chunda!
Tirulí, tirulí
Parabá, papá!
Tirulí, tirulí
Guau, guau!
Tirulí, tirulí
Chuuun, plas!

Tirulí, tirulí
Parabá, papá!
Tirulí, tirulí
Guau, guau!
Tirulí, tirulí
Chuuun, plas!

Guau, guau!
Guau, guau!

Pillóunolo un coche
un día no camiño;
ao can pequeno
tiñámoslle cariño.
Aquel coche pasou
botando lume
e o noso can cruzaba
como de costume:
contento, atento,
co rabo ergueito,
saudando ao ceo co fociño.

Contento, atento, mais...
tempo non lle deu a pestanexar.
Ooooooh! Aaaaaai, aii, aii!
Miña nai, como é veterinaria,
saíu correndo
atrás da avoa Natalia.
E chegou meu pai,
que é videoaficionado,
cinéfilo amante
de Frankenstein,
e tivo unha idea,
unha idea que calquera non a ten.

Unha idea divina,
unha idea peregrina,
unha idea tola,
unha idea de agora,
unha idea arriscada,
unha idea oportuna,
unha idea que non resta,
senón que suma.

Ai, se ti puideses,
se fose posible,
ai, se o désemos feito nós:
empatar o can
cunha galiña de Mos!

Nada é horrible
nin disparatado.
Ela é veterinaria
e opera con coidado,
dá indicacións,
toma medidas,
aquí leva o fígado,
alí as alegrías.

E logrou empatalos
de forma siamesa;
inda os que van á lúa
non fan tan grande empresa.

Pratos voadores
achéganse un instante
porque é digno de ver
un fenómeno tan grande:
o noso can,
na súa vida de agora,
é can de palleiro...
e mais galiña poñedora!

Unha idea divina,
unha idea peregrina,
unha idea tola,
unha idea de agora,
unha idea arriscada,
unha idea oportuna,
unha idea que non resta,
senón que suma.

Non parece crible,
non parece posible,
e non é ciencia-ficción:
a ciencia-ficción na nosa casa
chámase ciencia-afección.
Ciencia-afección,
ciencia-afección,
somos uns científicos
de a patacón.

Admirade agora
este novo exemplar
de galiña-can
que anda a escaravellar
na terra, debaixo da lata
e busca, rebusca
ósos ou miñocas,
o mesmo lle dá.

Tanto lle dá, tanto lle ten,
ladra co peteiro
co fociño pica ben. >>

6. CIENCIA-AFECCIÓN

**Pero co envexoso que é
o noso veciño
espreitounos todo o día
agochado no camiño.**

**Unha idea divina,
unha idea peregrina,
unha idea tola,
unha idea de agora,
unha idea arriscada,
unha idea oportuna,
unha idea que non resta,
senón que suma.**

**E, cando soubo como facelo,
fixo o mesmo experimento
cunhas puntas e un martelo.**

**Probou ben probado,
logrou ben logrado,
pasou toda a noite
fochicando no faiado.
E, pola mañá cedo,
canso e moi suado,
sacou da súa casa
iso que tiña argallado.**

**E, cheo de vendas,
viña anestesiado
o cruce contrario:
unha cadela cun galo.**

**Cando lle espertou
da anestesia,
púxoo no poleiro
a facer unhas pesas.**

**Non perdas o tempo,
ponte, disponte, inventa
no teu propio lugar.
Non perdas o tempo,
ponte e sorpréndete
do moito que
ti podes lograr.**

**E quiquiriquí!
E quiquiriquí!
A cadela do veciño
espértanos así.**

**E cocorocó!
E cocorocó!**

**O noso can con plumas
moito chama a atención.**

Ouvín que van agrandar
as rúas da Arxentina
para que poidan pasar
as pernas da Carolina.

Ai, Carolina, ai, Carolina,
Ai, Carolina
ti es o meu amor.

Non fai falla padeadora
nin retroescavadora
para que poidan pasar
as pernas desta señora.

Eu quérote, Carolina, si,
eu quérote, Carolina, si,
es o meu espertador.

Que ricas pernas ten a Carolina!
Non son longas, non son curtas,
non son gordas, non son finas.

Un pasiño, outro pasiño,
vai espertando conciencias,
ela viaxa no autobús
e pasa das aparencias.

Que hai moita mitomanía
e moita idolatría.

Xa todas as rúas teñen
un ancho moi especial
pola xente que se xunta
para mirala pasar.

Se tivese eu esas pernas,
correría e correría.

Dicir que non quere coche
parece unha tolería
e andar sen contaminar,
iso si que é utopía.

Que ricas pernas ten a Carolina!
Non son longas, non son curtas,
non son gordas, non son finas.

Que ricas pernas ten a Carolina!
Non son longas, non son curtas,
non son gordas, non son finas.

7. AS PERNAS DA CAROLINA

8. O QUEIXO E O PAN

Na miña cidade teño un veciño
que leva o burro de paseo.

Porta con porta
vive unha veciña
que non pasa un día
sen sacar o can.

O veciño chámase Lois
e o burro atende por Pan
e igual lle vén
o nome que ten
de ser o que é:
é un burro fariñeiro.

A veciña chámase Xenebra
e o can atende por Queixo
e igual lle vén o nome de que
naceu nunha granxa que facían queixo.
E o día que se atopan xuntos no portal,
como xa se coñecen,
amigablemente
cédense o paso:
entra o Pan e sae o Queixo
ou entra o Queixo e sae o Pan.

E, co tempo, tan amigos se fixeron,
que os vexo ás veces xuntos.
Polo paseo antes vía sempre
o Pan por aquí
e o Queixo por alí.

E agora incluso vexo
o Queixo derriba do Pan,
pero o que nunca vin
é o Pan sobre o Queixo.
E canto me alegro
de toparme con eles
á hora da merenda!

9. MEU AVÓ SABÍA MÚSICA

Miña nai ten unha horta
e meu pai unha lanchiña,
miña irmá ten un piano
no que toca a Carolina.

A saia da Carolina
ten un lagarto pintado,
cando a Carolina baila
o lagarto dálle ao rabo.
- Bailaches, Carolina?
- Bailei, abofé.
- Dime con quen bailaches.
- Bailei co meu Xosé.

Meu avó volveu de Cuba
e trouxo un acordeón
e miña irmá, polas festas,
con el canta esta canción.

Cuba
que bonita é Cuba,
onde os cubanos
bailan o baión.
Mamá
eu quero ir
para bailar
ao son de alí.

Ela aprendeu o piano
indo ao conservatorio
e toca nel as cantigas
do acordeón migratorio.

Aí vai Manueliño,
deixádeo pasar,
vai tomar amores
á beira do mar.